



# O CRUCEIRO DE BAGUEIXOS. UNHA EXCEPCIONAL OBRA NO CONCELLO DE LUGO

---

*Fernando Arribas Arias*

---

De entre os cruceiros máis antigos e datados<sup>1</sup> do concello de Lugo, este de Bagueixos é sen dúbida o máis senlleiro. Destaca este cruceiro, ademais da súa antigüidade, pola particularidade formal e estilística dalgúns dos seus elementos, que podemos cualificar de únicos ao carecer de paralelismos entre o resto dos monumentos deste tipo existentes neste concello. Está situado a carón dunha pista que, dende a N-VI, á altura do Km. 506, nos leva á igrexa de San Xoán de Tirimol, parroquia á que pertence, non sendo a actual localización<sup>2</sup> o lugar máis axeitado para garantir a integridade e conservación deste monumento, que xa presenta unha ameazante inclinación, así como tamén para a súa posta en valor.



A contorna do cruceiro de Bagueixos

Levántase sobre unha plataforma, formada por un chanzo de xisto, que se atopa en moi mal estado, o que lle resta estabilidade ao resto do conxunto.

Destaca neste cruceiro a forma peculiar da súa base, monolítica, que comeza sendo circular para transformarse en troncopiramidal, cun listel no extremo superior. Esta base conserva aínda as cuñas de ferro que permiten asegurar a estabilidade do fuste, sistema este moi típico das terras lucenses, pois noutras zonas de Galicia empréganse outros métodos. Tamén no fuste, oitavado no tramo central, atopamos diversas particularidades como, por exemplo, a mediacana que circunda a parte central do seu extremo inferior, de sección cuadrangular. Nos lados SE e NW deste extremo inferior, podemos ver dous buratos dos que descoñecemos a súa función, se ben por corresponderse cos lados das imaxes coidamos que ben puideran estar relacionados con algún sistema de suxeición dalgún tipo de ofrenda.

Outra singularidade deste varal son as volutas e unhas formas prominentes que podemos ver nos remates superiores dos chafráns. Unha peza cúbica, moldurada na parte central cunha mediacana, prolonga o fuste e serve de base ao capitel, peza que resulta estraña nos cruceiros galegos nos que, na maioría dos casos, o capitel arrinca directamente do fuste. Na nosa opinión, este engadido non deixa de ser un remendo que, ademais de darlle ao cruceiro unha maior altura e facelo máis esvelto, permite que o capitel non tape as volutas que adornan o extremo superior dos chafráns.

---

1 O cruceiro de Rubiás, actualmente desaparecido, data de 1887, o de Marcoi é de 1898 e o de Bocamaos é de 1901.

2 As súas coordenadas UTM son: X= 615.554, Y= 4.767.06, presentando unha orientación SE-NW.



Anverso



Reverso

---

O capitel do cruceiro de Bagueixos presenta algunha que outra particularidade. Coroado por un listel, consta de dous tramos separados por un bocel. O primeiro, de forma cuadrangular, está ornamentado con volutas nas arestas laterais e querubíns nas caras; mentres que o segundo, moldurado en nacela recta e rematado na súa parte inferior nun astrágalo de bocel, ofrece a seguinte inscrición repartida polas catro caras: SIMÓN REBOLO LO HIZO EN EL AÑO D 1848

A presenza deste epígrafe no capitel non deixa de ser unha rareza, pois non son os capiteis os lugares máis axeitados para poñer unha inscrición que, na maioría dos casos, se sitúan na base, por ser este o elemento, por regra xeral, que ofrece unha maior superficie. Tamén podemos atopar cruceiros con inscricións no fuste que, normalmente fan referencia ao ano de construción.

Convén deixar claro que este texto fai referencia á persoa que mandou facer este cruceiro e non ao seu autor material. Este tipo de expresión é moi frecuente nos cruceiros galegos e nelas, por regra xeral, só se alude á persoa que custeou a obra, pero non ao artista que a labrou, pois o anonimato é unha das características da arte popular, á que non se lle daba a importancia que ten hoxe. Lamentablemente, a pesar dos nosos esforzos, non puidemos pescudar o nome do canteiro que fixo este cruceiro. É moi probable que non exista documentación, ou polo menos nós non chegamos a atopala de momento, que nos permita saber o seu nome, xa que ao tratarse dunha obra menor, o normal era que non se fixeran contratos escritos, xa que bastaba cun apertón de mans.

Coroa este cruceiro unha cruz latina, de sección circular e aparencia leñosa pola presenza de nós. No seu anverso, baixo a cartela do INRI, hoxe xa ilexible, podemos ver a efixie de Cristo cun vulto moi acusado. Presenta coroa de espiñas, inclina a testa á dereita, ten as mans abertas deixando ver a cabeza dos cravos, anoa o perizoma á dereita e amosa as pernas flexionadas, co pé dereito sobre o esquerdo, trazos todos eles habituais nos cruceiros galegos. Non obstante, chama a atención a postura de Xesús, que aparece colgado da cruz, pois os seus brazos non están estendidos ao longo do madeiro, que é a representación máis común, senón que aparecen flexionados. Trátase dunha peculiaridade moi orixinal

que non ten paralelismos no concello de Lugo e que só nos trae á mente o cruceiro de Caboi, en Outeiro de Rei.



Detalle do anverso

Ocupa o reverso da cruz unha imaxe da Virxe da Soidade, vestida cun longo manto que lle cubre a cabeza e cunha túnica que deixa ver os seus pés, representada coas mans cruzadas sobre o ventre, en actitude de resignación. Chaman a atención os tres anxos que lle serven de peaña e que conforman un conxunto escultórico sen paralelismos nos cruceiros da provincia de Lugo. Ben puidera pensar alguén que non se trata de anxos, senón de tres almiñas entre as lapas do Purgatorio, xa que o esquematismo das súas ás pode levar a facer esta suposición. Coidamos que non, pois a Virxe da Soidade non aparece, normalmente, rescatando almas do Purgatorio, representación reservada a outro tipo de advocacións como, por exemplo, a Virxe do Carme.



Detalle do reverso

## SIMÓN REBOLO

Despois do que levamos visto, a primeira pregunta que nos asalta é saber quen era Simón Rebolo. Comprobamos os libros parroquiais<sup>3</sup> e atopamos que Simón Narciso Rebolo Pradeda nace o 27 de outubro de 1805 en Bagueixos, lugar da parroquia de San Xoán de Tirimol. Era fillo de Vicente Rebolo e Rosa de Pradeda, sendo os seus avós paternos Fernando Rebolo e Dominga López, mentres que os maternos foron Andrés de Castro e Dominga de Pradeda, todos eles labregos de profesión, pois como tal figuran así nos libros parroquiais.

<sup>3</sup> Queremos expresar o noso agradecemento a Eliseo Fernández Bamio, do Arquivo Diocesano, e a Dositeo Pérez Arias, crego de San Xoán de Tirimol, polas facilidades dadas á hora de consultar estes libros parroquiais e pola súa amabilidade.



Libro de Bautismos

Cando contaba con vinte anos, Simón Rebolo apadriña un neno, ao que tamén se lle puxo Simón, fillo de Lucas González e María Picado.


O día 10 de decembro de 1837, aos trinta e dous anos de idade, Simón Rebolo casa con María Juana da Pena (noutra documentación figura co apelido Alonso), filla de Manuel da Pena e Josefa Alonso, veciños de Constante, lugar da parroquia de Silvarrei, no actual concello de Outeiro de Rei. Foron testemuñas do acto, entre outros, Vicente Meilán, de San Xoán de Tirimol, e Pascual de Castro, de Santalla de Mazoi.



Libro de Matrimonios

Que nós saibamos, este matrimonio tivo seis fillos: Vicente, Antonio, Juan e María Carmen (que foron os que sobreviviron a Simón), ademais de José María e Simón Segundo, este último morto aos dez días de nacer a causa das "lombrices".

O día 7 de xaneiro de 1887 falece Simón Rebolo. Segundo o libro de defuncións de San Xoán de Tirimol tiña, naquel intre, 84 anos, idade incorrecta xa que en realidade contaba con 82 anos. O seu enterro foi toda unha mostra de ostentación, pois nas súas honras fúnebres participaron “diez señores sacerdotes, un salmista y un fagot,” dispoñendo o seu fillo Vicente<sup>4</sup> que se lle fixeran “otras dos funciones y un cabo de año<sup>5</sup>, que se le cante un responso *Qui Lazarum* y que se apliquen por su alma ciento veinte misas inclusas las de las funciones y octavario...”



Libro de Falecidos

Se ben na diferente documentación consultada Simón Rebolo figura como “labrador”, podemos concluír polo anteriormente dito que non se trataba dun labrego corrente, senón dun labrego moi acomodado, cunha boa propiedade, pois enterros como o que acabamos

4 Como correspondía ao maior, Vicente, casado con María Dolores Varela, foi o fillo que se quedou na casa.

5 Neste cabodano participaron seis sacerdotes.

de comentar non se facían en casa probe. Isto é unha proba máis dunha das hipóteses que defendíamos na nosa tese doutoral: a vinculación dos cruceiros á crases acomodadas ou a confrarías con importantes recursos económicos, xa que non todas as persoas, por moi devotos que foran, podían pagar o importe dun cruceiro, importe que variaba dependendo do traballo que levara aparelado, pois non era o mesmo un que tivera imaxes, decoración no fuste, etc. que outro máis sinxelo. Nesta liña, convén insistir en que os cruceiros, ademais de ser unha mostra da devoción dos sectores máis privilexiados, funcionaban tamén como un símbolo de ostentación social, quedando para a xente de menos recursos monumentos máis sinxelos como, por exemplo, as cruces (o cruceiro dos probes) realizadas en materiais tan diferentes como a madeira, o ferro ou a pedra.

A pesar do que levamos dito, este cruceiro continúa suscitando algún que outro interrogante. Así, por exemplo, gustaríanos saber cal foi o motivo que levou a Simón Rebolo a mandar facer esta obra. Temos varias hipóteses se extrapolamos o que sabemos doutros casos análogos. A primeira é que o fixera por temor ás penas do Purgatorio, no que hai que purificarse trala morte con axuda dos sufraxios para acadar o ceo. Na nosa opinión, esta non foi a causa, pois o lóxico sería que se fixesen constar as indulxencias que conseguirían as persoas que rezaran diante do cruceiro e, neste aspecto, resulta moi significativa a ausencia dunha inscrición ao respecto.

Outra posibilidade é que se tratase dunha obra de agradecemento por un favor recibido, ou ben, simplemente, por devoción, opción esta última pola que nos inclinamos, sobre todo tratándose, segundo as nosas referencias, dunha familia moi piadosa. Pero unha devoción non exenta, como xa dixemos, de ostentación, actitude posta de manifesto na inscrición, na que só se alude, ademais do ano de construción, á persoa que o mandou facer, sen que se especifique ningún motivo. Nin tan sequera cita a súa dona ou a calquera outro membro da familia, práctica habitual nos epígrafes doutros cruceiros.

### A cuestión da capela

Diante deste cruceiro, pero ao outro lado da pista, podemos ver unha pequena capela con cuberta de

lousa a tres augas que presenta unha espadana dun só vano na que, ata hai moi pouco tempo, había unha campá. Conta esta capela cunha portada con arco rebaixado no que aparece a seguinte inscrición: AÑO DE 1922. SIMÓN REBOLO

obxecto de previr posibles accidentes, afastalo dos postes e cables do tendido eléctrico que afean a súa contorna e favorecer a súa contemplación sen risco para as persoas ao atoparse a carón dunha pista con bastante tráfico.

A data e o nome que aparecen neste epígrafe, a tenor do que levamos visto, nos leva a preguntarnos que Simón Rebolo a mandou facer porque, segundo a data indicada, cando se construíu, o Simón Rebolo que xa coñecemos levaba trinta e cinco anos morto. Caben, ao noso xuízo, dúas posibilidades. A primeira sería que Simón Rebolo manifestara en vida (xa sabemos que non fixo testamento) o seu desexo de levantar unha capela, vontade realizada anos máis tarde polo seu fillo Vicente, casado con María Dolores Varela como xa dixemos, que foi o que quedou na casa.

A segunda possibilidade é que un neto de Simón Rebolo, de igual nome, levara a cabo esta obra, de xeito que, ao coincidir os nomes, esteamos agora diante deste pequeno interrogante.

Con certas reservas, nós inclinámonos máis pola primeira, en tanto que non temos, de momento, constancia da existencia de ningún neto de Simón Rebolo de igual nome.

## Conclusións

Estamos, en definitiva, diante dun interesante e orixinal cruceiro, que destaca polo seu valor histórico, artístico e etnográfico, e que constitúe un dos monumentos da arte popular máis singulares do concello de Lugo. Sería desexable, xa que logo, que as autoridades municipais levaran a cabo un proxecto de restauración, pois o seu estado de conservación é deplorable, xa que, entre outros aspectos, presenta unha inclinación ameazante debido, en parte, ao mal estado da plataforma de xisto na que se asenta. Ademais, o capitel, polo seu lado SE, ten unha fenda moi acusada, ao igual que a perna dereita de Cristo. Sería desexable tamén a posta en valor deste cruceiro, proxecto que, ao noso entender e coas autorizacións pertinentes, debía contemplar a posibilidade dun cambio de situación (bastaría con retranquealo uns metros do lugar no que se atopa actualmente) co